

 	<b>Código ético Adisbismur</b>	Edición: 02. Data: 19/06/2023

## CONTIDO

<b>QUEN SOMOS?</b>	<b>2</b>
Visión	2
Valores	2
Misión	3
<b>OBXECTIVOS DO CÓDIGO ÉTICO</b>	<b>4</b>
<b>A QUEN VAI DIRIXIDO?</b>	<b>5</b>
Responsabilidades das persoas traballadoras e das persoas integrantes da Xunta Directiva	5
Responsabilidades dos CEE	5
<b>PRINCIPIOS BÁSICOS DO CÓDIGO ÉTICO DE AECEMCO</b>	<b>7</b>
Respeto os dereitos humanos	8
Respeto os dereitos laborais	8
Respeto o medioambiente	8
Respeto a legalidade	8
Persecución dos obxectivos de desenvolto sostible (ODS)	8
Pública rendición de contas e transparencia	8
Criterios para selección de provedores e empresas colaboradoras	9
<b>O CONSELLO DE ÉTICA</b>	<b>10</b>
<b>COMPROMISO POLA EXCELENCIA</b>	<b>11</b>

	<h2>Código ético Adisbismur</h2>	<p>Edición: 02. Data: 19/06/2023</p>
---	----------------------------------	--

## QUEN SÓMOS?

ADISBISMUR é unha Asociación sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, constituída por máis de 865 asociados o que a converte na asociación máis representativa das persoas con discapacidade nesta comarca. Leva traballando dende o ano 1982 para promover a igualdade de oportunidades e a inclusión social das persoas con discapacidade, ademais dos servizos que se prestan no centro de recursos de Valadares. O noso obxectivo é a integración social das persoas con discapacidade, principalmente a través da inserción laboral dos/as nosos/As usuarios/as.

ADISBISMUR ten unha cultura propia, manifestada a través do seu propósito, visión e valores.

### **Propósito.**

Acadar unha sociedade que ofrezca a igualdade de oportunidades para todas as persoas.

### **Visión.**

Ser unha entidade referente en Galicia no sector da discapacidade, ser recoñecida socialmente pola súa calidade nos servizos para conseguir unha sociedade máis xusta, igualitaria e participativa.

### **Valores.**

- A persoa con discapacidade como centro do noso traballo e dos nosos obxectivos.  
Todas as actividades que realiza ADISBISMUR promoven a igualdade e a inclusión das persoas con discapacidade na sociedade, eliminando as barreiras sociais e físicas, mellorando así a súa calidade de vida.
- Igualdade, diversidade, pluralidade de roles e identidade de xénero.  
Traballando a igualdade nos espazos de participación, formación e convivencia, recoñecendo as particularidades de cada persoa, dende as condicións culturais, raza, xénero e sexo para lograr a plenitude no seu desenvolvemento, traballando os principios de equidade, igualdade e cotexo de oportunidades, onde a base sexa o recoñecemento e o respecto das persoas.
- Transparencia.  
Os nosos plans de traballo, a memoria de actividades e as contas están publicadas no RRUEPS, ademais contamos con mecanismos propios, xa que dispoñemos de ferramentas de transparencia e bo goberno. Colgamos a relación de subvencións na nosa páxina web e os diferentes servizos e programas que realizamos.

	<h2>Código ético Adisbismur</h2>	<p>Edición: 02. Data: 19/06/2023</p>
---	----------------------------------	--

- Calidade.  
O noso traballo está rexido por unha serie de procesos seguindo o modelo de xestión EFQM, cuxo selo temos dende o 13/06/2019, ademáis dispoñemos dunha plantilla de profesionais cualificados que compoñen o equipo multidisciplinar da entidade, que está formado por fisioterapeuta, logopeda, terapeuta ocupacional e educadora social.
- Compromiso social.  
Temos establecidas alianzas con outras entidades do terceiro sector para poner en marcha proxectos conxuntos, nos que compartimos coñecementos de modo complementario. Estamos en contacto con diferentes empresas para establecer colaboracións, xestionamos dunha maneira eficiente a información referida a sensibilización social os cambios políticos. Sistemas de colaboración ou novas alianzas para desenrolar actuacións na prestación de servizos, si hai complementariedade.
- Eficiencia.  
Cada actividade ou proxecto ten uns obxectivos que son cuantificados a través de indicadores, para realizar un seguimento e avaliar o grao de cumprimento, ademáis cada proxecto está xestionado xunto co seu presuposto e cos seus recursos humanos e materiais.
- Apoio mutuo.  
Desenrolamos diversas actividades de participación social co fin de empoderar as persoas con discapacidade recoñecendo os seus dereitos e as súas capacidades, fortalecendo as diferentes habilidades que posúen. Impartimos cada tres meses unha escola de familias onde se tratan temas de interese para este colectivo. Impulsamos o coñecemento adquirido nas diferentes formacións entre os/as traballadores/as e voluntarios/as, tamén desenrolamos programas de voluntariado.

### Misión

Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e as súas familias ofrecendo programas e actividades destinados a desenrolar as súas capacidades e a favorecer a súa plena inclusión e participación social.

 	<h2>Código ético Adisbismur</h2>	Edición: 02. Data: 19/06/2023
---	----------------------------------	----------------------------------

## OBJECTIVOS DO CÓDIGO ÉTICO

O código ético de Adisbismur é o documento de autorregulación que, xunto cos Estatutos, reúne as normas, criterios e valores que resumen o bo exercicio da nosa actividade cos seguintes obxectivos:

- Por a énfase no feito de que Adisbismur por encima de todo é unha organización comprometida e dirixida por valores.
- Servir de orientación e guía de conduta na actuación de Adisbismur e das persoas que a integran.
- Identificar e poñer en valor a cultura de Adisbismur cos seus principios e valores.

 	<h2>Código ético Adisbismur</h2>	<p>Edición: 02. Data: 19/06/2023</p>
---	----------------------------------	--

## A QUÉN VAI DIRIXIDO?

- Os centros de ADISBISMUR.
- As persoas que integran ADISBISMUR.
- Equipo humano de ADISBISMUR, o que inclúe ó persoal contratado, ó persoal en prácticas, o equipo de persoas profesionais de todas as súas áreas e ás persoas que colaboran con ADISBISMUR en calidade de voluntarias.
- As organizacións colaboradoras de ADISBISMUR.

## Responsabilidades das persoas traballadoras e das persoas integrantes da Xunta Directiva.

Todas as persoas traballadoras de Adisbismur, así como as persoas integrantes da Xunta Directiva deberán adherirse os principios e os requisitos contidos neste Código e velar por que outros particulares ou grupos que efectúen actividades en nome de Adisbismur, incluídos os provedores, empresas e organismos colaboradores, tamén o fagan.

Para isto comprométese:

- A unha actuación e desenrolo de prácticas responsables que favorezan o desenrolo das comunidades locais nos territorios nos que temos representación.
- **Inculcar** unha cultura de respecto o medioambiente, utilizando racionalmente os recursos minimizando os consumos, reducindo a xeración de residuos e emisións, favorecendo o reciclado e buscando solucións ecoeficientes.

Todas as persoas traballadoras, así como as persoas integrantes da Xunta Directiva que tiveran coñecemento ou fundada sospeita dun incumprimento deste Código deberán notificalo o Consello de Ética. Adisbismur adoitara medidas necesarias para impedir repercusións negativas debidas as notificacións efectuadas por persoas traballadoras de boa fe e o amparo do presente.

## Responsabilidades do CEE.

O noso CEE (Viveiros Valadares) , comprométese o cumprimento deste Código Ético, adheríndose os principios e requisitos no contido, así

 	<h2>Código ético Adisbismur</h2>	<p>Edición: 02. Data: 19/06/2023</p>
---	----------------------------------	--

como a velar por que outros particulares ou grupos que efectúen actividades no seu nome, incluídos os provedores, empresas e organismos colaboradores, tamén o fagan.

	<h2>Código ético Adisbismur</h2>	<p>Edición: 02. Data: 19/06/2023</p>
---	----------------------------------	--

## PRINCIPIOS BÁSICOS DO CÓDIGO ÉTICO DE ADISBISMUR

Adisbismur defínese como unha organización:

- **Independente** nas súas actuacións para manter a súa autonomía de acción.
- **Transparente** nos seus criterios e prioridades de actuación, nas súas decisións e na súa xestión.
- **Democrática** nos seus mecanismos de toma de decisión.
- **Aberta o diálogo** coas administracións públicas , está baseado na confianza mutua.
- **Innovadora** na súa actuación orientase sempre a atopar as “solucións de valor” as necesidades cambiantes.
- **Proactiva** tende a tomar a iniciativa, a liderar procesos e a mobilizar recursos en beneficio da entidade.
- **Profesional** rixese por principios de rigor, eficiencia e excelencia e guíase por criterios técnicos e de calidade.
- **Excelente** na fixación dos criterios que guían a súa actuación.
- **Comprometida** ca nosa sociedade e coas persoas con discapacidade.

Por isto, o comportamento profesional da entidade a este Código deberá aterse os Principios básicos do Pacto Mundial da ONU, asumidos por Adisbismur nas súas estratexias, os cales derivan da **Declaración Universal dos Dereitos humanos**, da **Declaración da OIT relativa os principios e dereitos fundamentais no traballo**, da **Declaración de Río sobre o Medio Ambiente** e o **Densenrolo e da Convención de Nacións Unidas contra a Corrupción**.

	<h2>Código ético Adisbismur</h2>	<p>Edición: 02. Data: 19/06/2023</p>
---	----------------------------------	--

### Respeto os Dereitos Humanos

Toda a actuación de Adisbismur deberá apoiar e respetar a protección dos dereitos humanos fundamentais, recoñecidos internacionalmente, dentro do seu ámbito de influencia. En particular as actuacións de Adisbismur estarán presididas polos principios de inclusión, accesibilidade e non discriminación.

### Respeto os Dereitos Laborais

Toda actuación de Adisbismur apoiará a liberdade de afiliación e o recoñecemento efectivo do dereito a negociación colectiva, así como a eliminación de toda forma de traballo forzoso realizado baixo coacción, a erradicación do traballo infantil e a abolición das prácticas de discriminación no emprego e a ocupación en particular as referidas as persoas con discapacidade.

### Respeto o Medioambiente

Toda actuación de Adisbismur manterá un enfoque preventivo que favoreza o medioambiente, fomentando iniciativas que promovan unha maior responsabilidade ambiental e o desenvolvemento e a difusión de tecnoloxías respetuosas co medioambiente.

### Respeto a legalidade

As actividades de Adisbismur desenrolanse co estricto cumprimento dos Estatutos de Adisbismur e da lexislación aplicable, en particular das leis anticorrupción, da normativa aplicable en materia de uso de información reservada e da leis contra o blanqueo de capitais.

### Persecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).

Ademais, Adisbismur comprométese a canalizar as súas accións en apoio dos obxectivos máis amplos das Nacións Unidas, incluídos os **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible** (ODS) e a aplicar a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible no desenvolvemento da súa actividade.

### Publica rendición de contas e transparencia.

Adisbismur, a fin de garantir a participación da sociedade en xeral e fomentar o bo goberno, actuará dentro do maior respecto posible do principio de apertura, publicando anualmente a súa **memoria económica** e social, así como a relación dos convenios suscritos e **alianzas**.



 	<b>Código ético Adisbismur</b>	Edición: 02. Data: 19/06/2023
---	--------------------------------	----------------------------------

### Criterios para a selección de provedores e empresas colaboradoras

Desde Adisbismur, ademáis da adecuación os nosos presupostos e da necesidade de xerar valor añadido a través das compras e alianzas, dada a nosa misión, consideramos que o traballo de sensibilización os grupos de interese cos que nos relacionamos é fundamental para o desenrolo de mecanismos tendentes hacia un modelo de responsabilidade social. Para isto temos establecidos unha serie de indicadores para a selección de provedores e/ou empresas colaboradoras, como parte da responsabilidade social que asume a entidade.

 	<h2>Código ético Adisbismur</h2>	<p>Edición: 02. Data: 19/06/2023</p>
---	----------------------------------	--

## O CONSELLO DE ÉTICA

O desenvolvemento, interpretación, comunicación, aplicación, seguimento e avaliación do presente Código Ético corresponderá a un Consello de Ética creado o efecto, integrado polas seguintes persoas de Adisbismur:

- As persoas titulares da Presidencia
- A secretaria
- A Vicepresidencia

O presente Código Ético é , necesariamente un documento vivo, que evoluciona, e cuxo contido e aplicación deben ser obxecto de análise e avaliación continuos.

Con carácter periódico, preferentemente anual, o Consello de Ética elaborará un informe sobre a aplicación do presente Código Ético e as propostas de mellora. Sen prexuízo do papel do Consello de Ética, o conxunto de persoas dirixentes de ADISBISMUR deberán adoptar as directrices e instrucións oportunas que permitan o desenvolvemento e aplicación deste Código Ético, que en todo caso, deberá dotarse dun sistema garantista que permita o anonimato ou confidencialidade de quenes efectúen denuncias e que, no seu caso, sean eficaces no cese da malas prácticas.

 	<b>Código ético Adisbismur</b>	Edición: 02. Data: 19/06/2023
---	--------------------------------	----------------------------------

## COMPROMISO POLA EXCELENCIA

Adisbismur manifesta o seu compromiso pola Excelencia, entendida na mesma tanto como o conxunto de prácticas sobresaíntes na xestión da organización e no logro de resultados basados en conceptos fundamentais contidos neste código ético.